

PROGRAMA ELECTORAL
Eleccións Municipais 24 de Maio de 2015

#RecuperemosFerrol



1) CALIDADE DEMOCRÁTICA, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO LOCAL

1.1 BO GOBERNO

- 1.1.1 Reforma da organización administrativa do concello para reducir a burocracia e axilizar os trámites de particulares e empresas, creando un área pública de atención os cidadáns (*Ver Anexo 1*).
- 1.1.2 Área pública de atención os cidadáns, con persoal específico para dar resposta nun máximo de 48 horas as dúbidas dos veciños e das veciñas.

1.2 TRANSPARENCIA

- 1.2.1 Total transparencia. A web do concello incluírá un Portal de Transparencia que publicará ás actas das comisións informativas, da Comisión de Goberno e dos plenos municipais ordinarios e extraordinarios. Polo Portal da Transparencia, todas as empresas poderán acceder aos procesos de contratación e as actas poderán ser consultadas por calquera cidadán. Ningunha contratación se fará de costas á cidadanía, sen publicidade.
- 1.2.2 O portal incluírá o currículo da alcaldesa e concelleiros/as, as súas retribucións, gastos de representación e o inventario dos seus bens.
- 1.2.3 Todos os integrantes do goberno asinarán o código ético aprobado pola Federación Española de Municipios e Provincias. Os cargos electos só percibirán un soldo polo seu traballo, non admitirán agasallos que non sexan economicamente irrelevantes ou simbólicos.

1.3 CONTAR COA VECIÑANZA

- 1.3.1 Orzamentos participativos e consultas cidadáns directas para que os veciños e as veciñas aproben o rexeiten “decisións estratéxicas”, a orde de prioridade dos investimentos e o seu orzamento. Estas consultas celebraranse tanto de xeito presencial como a través de internet, establecendo mecanismos que garantan a limpeza e transparencia do proceso (*Ver Anexo 2*).
- 1.3.2 Fomento do Voluntariado Social e incorporación do mesmo a xestión de determinados servizos.
- 1.3.3 Recuperación da Participación Cidadá e revitalización dos Consellos Sectoriais. Novo Regulamento de Participación, coa creación de novos espazos para o debate social: asembleas de barrio, foros cívicos, etc.



Anexo 1. Mellora da Administración Local de Ferrol

1.1. Introducción: obxectivos centrais dunha Administración

A Administración Municipal ten que lexitimarse como adecuada prestadora de servizos aos cidadáns, para o cal debe mellorar as súas técnicas de xestión, coas seguintes ideas forza:

- a. Impoñer a cultura do servizo ao cidadán fronte á mentalidade xurídica-procedemental, que debe limitarse a aqueles sectores da administración encargados de vixiar e corrixir as malas prácticas cidadás nos servizos que requiren tarefas de control, supervisión ou autorización administrativa, como a rodaxe de vehículos, o IBI ou a licenza de obras.
- b. Valorar os xestores polos resultados obtidos, dotándoos de maior autonomía. Os numerosos controis existentes teñen como base a desconfianza dos cargos públicos cara aos funcionarios, cando precisamente deben terse en conta a opinión dos traballadores municipais.
- c. Flexibilizar as normas administrativas ata aproximalas ao marco privado, para que as empresas municipais poidan competir en igualdade de oportunidades coas concesións privadas.

1.2. Cara a un concello receptivo

Para que a Administración Local responda ás necesidades dos cidadáns, é necesario adoptar as seguintes medidas:

- a. Horarios accesibles e oficinas máis cómodas para os usuarios. Os/as responsables políticos/as teñen que estar perfectamente identificados. Os cargos públicos deben dedicarse ás actividades propias da súa función política.
- b. O deseño das políticas sectoriais debe recollerse nun catálogo de servizos. Os cargos electos deben deixar que sexa persoal municipal o encargado da xestión administrativa, fiscalización de expedientes e cumprimento de procedementos. O catálogo de servizo, debe explicar que, como, cando, onde e por quen se fai unha prestación.
- c. Participación Cidadá, non limitándose a ter en conta as súas opinións, senón buscando fórmulas de coxestión. A Administración é moi lenta á hora de atender novas demandas sociais, que finalmente deben ser abordadas pola sociedade civil mediante diversas plataformas, como a do Banco de alimentos ou a Plataforma Anti-Desafiuamentos.

1.3. Propostas concretas de mellora para a Administración Local

A mellora da estrutura organizativa esixe adoptar as seguintes melloras:

- a. Descentralización dos servizos de compulsas ou rexistro de solicitudes.



- b. Separar a xestión política da xestión administrativa.
- c. Motivar os/as empregados/as públicos/as desenvolvendo políticas específicas de recursos humanos, como cursos de formación e incentivos.
- d. Potenciar o uso das novas tecnoloxías para achegar a xestión municipal á cidadanía e facela máis transparente.
- e. Ampliar a Participación Cidadá na coxestión dos servizos.



Anexo 2. Participación Cidadá e Orzamentos participativos.

O Concello é o marco político e administrativo máis próximo ó cidadán; é por iso que hai que afondar na súa democratización.

É imprescindible a intervención dos cidadáns na planificación, control e seguimento das políticas locais. Nestas intervencións consiste a Participación Cidadá. O cidadán ten que pasar de mero espectador representado a axente activo e corresponsable das xestións públicas.

No Concello de Ferrol existe un Regulamento de Participación Cidadá elaborado polos cidadáns que recolle os mecanismos necesarios de información, control e participación na toma de decisión co fin de complementar a democracia representativa coa democracia participativa.

Corresponde agora o seu desenvolvemento e seguimento, mantendo un diálogo aberto e transparente coa sociedade civil para facilitar a convivencia, a solidariedade, a tolerancia, a responsabilidade civil e os valores éticos e democráticos.

O Partido Socialista comprométese ó desenvolvemento global deste regulamento de Participación Cidadá para que a veciñanza interveña na xestión e control das políticas municipais, tanto de maneira individual coma a través das entidades cidadáns.

Para elo activaranse os mecanismos, medios e órganos presentes no propio Regulamento:

- a. Consellos Sectoriais, para facilitar ós cidadáns a información necesaria que permita a súa participación na xestión de cada una das áreas da actividade municipal.
- b. Asembleas de Barrio, como órganos que facilitan a participación da veciñanza na xestión municipal de cada barrio.
- c. Foros Cívicos, que serven como espazos para a reflexión, o debate, a formulación de propostas e o control da execución daquelas que fosen aprobadas.
- d. Consello da Veciñanza: espazo de encontro e coordinación de todos aqueles órganos de participación do Concello.
- e. Comisión Permanente de Participación Cidadá, que terá como función o control do funcionamento de todos os mecanismo de participación, así como velar polo bo desenvolvemento do Regulamento de Participación Cidadá.

Para promover e fomentar a Participación Cidadá, realizaranse campañas informativas para o desenvolvemento dos valores solidarios, democráticos e de participación na vida pública, empregando os diferentes foros e espazos de debate.

Comprometémonos tamén a someternos a una avaliación continua das nosas políticas, recollendo a información dos cidadáns para ser avaliada de xeito sistemático cos criterios de eficacia, eficiencia e



efectividade; sendo as Asembleas de barrio e o Consello da Veciñanza os órganos adecuados para dita avaliación.

Ademais de desenvolver o Regulamento de Participación Cidadá e de fomentar e promover as políticas participativas, promoveremos diferentes procesos participativos tal como se recollen no Regulamento.

Un capítulo destacado merece un proceso como os Orzamentos participativos, que puxo en marcha un goberno socialista, paralizado despois polo partido popular. É imprescindible, antes de iniciar calquera proceso de orzamentos participativos ter elaborado un plan estratéxico de cidade. Os Orzamentos participativos é un proceso complexo, pero que ten numerosas vantaxes:

- a. Melloran a transparencia da xestión do gasto público.
- b. Impulsan a participación cidadá.
- c. Esixe máis responsabilidade ós funcionarios, políticos e cidadáns.
- d. Xera maior confianza entre cidadáns e goberno.
- e. Crea una cultura democrática.
- f. Fortalece o tecido social.
- g. Inverte as prioridades sociais.
- h. Favorece a xustiza social.
- i. É un instrumento de inclusión do espazo rural municipal.

O modelo de Orzamentos Participativos debe ser un proceso colectivo que debe construírse de forma gradual; é dicir, as fases e as normas propostas inicialmente nunca deben pecharse para poder ser revisadas e, no seu caso, modificadas, para adaptarse á realidade concreta de cada momento. Sen embargo, hai uns principios xerais que son os que definen este proceso:

- A participación é universal.
- As decisións son compartidas e, polo tanto, debe existir un espazo común e compartido entre cidadáns (organizados e non organizados), políticos e técnicos.
- Proceso transparente, público e consensuado.
- Fixación de criterios impersoais, universais e obxectivos para una mellor distribución dos recursos públicos.
- Construción dunha nova cultura da participación, superando o carácter meramente reivindicativo, e alcanzara capacidade de realizar propostas e aportar ideas.



É importante resaltar a dimensión educativa e de mutuo aprendizaxe que ten o proceso de OP. Trátase dunha escola da democracia na que a cidadanía debate de forma activa, se contrastan opinións, se aceptan limitacións orzamentarias e se discute e acorda o que cremos mellor para todos. A cidadanía, pola súa parte, aprende sobre os orzamentos, e os políticos e técnicos, pola súa, coñecen de forma directa as demandas dos cidadáns.

Neste proceso é moi importante traballar a articulación dos ámbitos territorial e sectorial ou temático. É preciso deseñar una metodoloxía que una as necesidades, propostas e prioridades procedentes dos barrios e as iniciativas de tipo sectorial que aporten una visión xeral da cidade. Unha boa articulación destes dous ámbitos facilitaríaa toma de decisión.

Para todo isto é imprescindible recuperar a Concellería de Participación Cidadá, coa súa Comisión e o seu orzamento cun funcionamento transversal, abarcando todas as áreas do goberno municipal.



2) FERROL: UN CONCELLO SOSTIBLE

2.1 MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

- 2.1.1 Saneamento da Ría de Ferrol.
- 2.1.2 Apoio ao traslado da planta regasificadora de REGANOSA para o Porto Exterior.
- 2.1.3 Extensión da rede de carrís bici pola cidade e tamén polo medio rural. Fomento do uso cívico da bicicleta, co servizo de aluguer de bicicletas públicas.
- 2.1.4 Desprivatización dos servizos de auga e recollida de lixo.
- 2.1.5 Recuperación das tradicionais cuadrillas municipais de mantemento, que garantan unhas reparacións mellor graduadas e máis beneficiosas para as finanzas municipais.
- 2.1.6 Acordo consensuado co concello de Narón sobre o importe real a cobrar pola taxa de saneamento cando se preste o devandito servizo, logo de facer un estudo de custes rigoroso. Non a taxa de saneamento e depuración que con "efecto preventivo" quere implantar o concello.
- 2.1.7 Posta en marcha as Hortas Comunitarias, introducindo o cultivo ecolóxico.
- 2.1.8 Desenvolvemento dun mapa de ruído que conteña medidas concretas, efectivas e avaliábeis.
- 2.1.9 Deseño das rutas de sendeirismo urbano e rural contemplarán á poboación que precisa realizar actividades físicas de intensidade moderada dotadas da suficiente confortabilidade e seguridade: zonas de descanso, iluminación, cabina telefónica...

2.2 PLAN INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Comercio e Turismo

- 2.2.1 Plan de Dinamización do Comercio Local cun plan de marketing e comercialización global para favorecer a nosa posición como "cidade de compras" e promover o turismo "shopping". Reforzo promocional nas campañas de Nadal ou rebaixas.
- 2.2.2 Desenvolvemento dun programa de Turismo que inclúa un Tour gastronómico e un plan para impulsar o Turismo Gastronómico en colaboración coa Asociación de Hostaleiros e co Mercado da Magdalena.
- 2.2.3 Creación dun Club de Produto e proxecto "Sabores de Ferrol".



- 2.2.4 Prioridade do mercado tradicional fronte ás grandes áreas comerciais, dinamizando as actuais prazas de abastos, facilitando a concesión a novos vendedores engadindo actividades que poñan en valor as prazas de abastos e permitan atraer clientes e compradores.
- 2.2.5 Relanzamento e posta en valor do Camiño Inglés.

Industria e actividades empresariais

- 2.2.6 Demanda do dique flotante para Navantia Ferrol.
- 2.2.7 Porto Seco (plataforma lóxística) en Ferrol, comunicado por ferrocarril co Porto Exterior pola súa variante norte.
- 2.2.8 Recuperación do Centro Tecnolóxico do Naval- CETNAGA.
- 2.2.9 Creación dunha Axencia Local de Emprego e Industria, financiada con fondos municipais e extramunicipais que evite a progresiva destrución de emprego e contribúa á recuperación demográfica da cidade (hai programas da Unión Europea para cidades con desemprego elevado e que o PP non solicitou, aínda que Ferrol cumpre perfectamente todos os requisitos. A Axencia Local de emprego terá como obxectivos):
 - a. Coordinar a creación de emprego e xestionar as posibilidades que Ferrol ten como centro empresarial.
 - b. Establecer fórmulas de apoio consensuadas co sector empresarial e a Universidade, para facilitar o fomento do autoemprego e o asentamento de novos proxectos empresariais que poidan xurdir na cidade polos novos licenciados universitarios.
 - c. Artellar programas acordes cos fondos comunitarios.
- 2.2.10 Viveiro de empresas con base tecnolóxica nas instalacións da FIMO, que evite o drama actual de que unha cidade universitaria con enxeñerías punteiras en Galicia vexa como o seu capital humano, a mocidade formada nos seus campus, emigra para atopar emprego e desenvolver os seus proxectos. A creación deste viveiro tecnolóxico servirá ademais como xerme dun "Clúster" de empresas tecnolóxicas e do audiovisual en Ferrol.
- 2.2.11 Potenciamento das instalacións da FIMO no eido público. Estas instalacións non se privatizarán e se empregarán para constituír unha plataforma de empresas con base tecnolóxica e para desenvolver feiras especializadas, contactando coas empresas que estarían interesadas nun proxecto rigoroso.
- 2.2.12 Bolsa de Locais en alugueiro, buscando prezos asequibles para o comercio e a empresa. O concello loitará contra a existencia de bens e locais públicos baleiros ou inutilizados,



recursos ociosos que deben empregarse para facilitar o desenvolvemento de novos proxectos de emprendedores.

- 2.2.13 Redución dos actuais trámites burocráticos e o establecemento de exencións económicas, para incrementar o interese da cidade para os emprendedores, co obxectivo de fomentar unha nova e moderna clase empresarial.
- 2.2.14 Apoio as novas formas de economía solidaria (finanzas éticas, tendas de troco, cooperativas de traballo...).
- 2.2.15 Plan de Marisqueo na ría de Ferrol para aumentar as licencias.
- 2.2.16 Políticas Activas de Emprego implementadas pola Axencia Local de Emprego e Industria, que captará recursos económicos en diferentes fondos, como o Fondo de Rexeneración Local, financiado pola UE a través dos fondos FEDER, e FSE, para proxectos de rexeneración cidadá de espazos e servizos públicos, recursos para as pymes de Ferrol e para os seus emprendedores, contratación temporal de persoas desempregadas de longa duración, preferentemente maiores de 45 anos con responsabilidades familiares (Ferrol será entidade colaboradora do programa Garantía+45).
- 2.2.17 Experiencias de traballo inicial a mocidade a través do Programa de Garantía Xuvenil, con empregos ponte para favorecer as prácticas da mocidade e facilitar así a obtención posterior de traballo.
- 2.2.18 Impulso á creación de emprego en servizos para a autonomía persoal e familiar e para a convivencia. O Concello implantará medidas fiscais de axuda ás persoas que teñan intención de crear emprego.
- 2.2.19 Constitución do Observatorio de Ferrolterra pola Igualdade no Emprego en colaboración coas entidades empresariais e as organizacións sindicais.
- 2.2.20 Creación dunha distinción específica para aquelas empresas implantadas no Concello de Ferrol e a súa zona de influencia comprometidas coa igualdade entre mulleres e homes.
- 2.2.21 Elaboración coas persoas en situación de desvantaxe social de itinerarios de inserción realizados por especialistas en orientación laboral, nos que se contemplan as necesidades, potencialidades e intereses das persoas así como as tendencias do mercado.
- 2.2.22 Realización de cursos formativos e obradoiros de emprego para mulleres en materia de conservación e mantemento de fincas e edificios para posibilitar a súa contratación en tarefas relacionadas co urbanismo.



2.3 URBANISMO: POR UNHA CIDADE DINÁMICA, HABITABLE E SOSTIBLE E REFERENTE NA ÁREA METROPOLITANA

2.3.1 Urbanismo sostible

Un urbanismo sostible só se pode considerar dende a perspectiva dunha cidadanía que participe e dende a integración territorial da área metropolitana. Se é así, o urbanismo de Ferrol converterase nunha ferramenta que permita liderar a recuperación e integración da nosa bisbarra.

Ferrol debe apostar pola rexeneración, pola rehabilitación e pola recuperación do noso patrimonio, para construír unha cidade de futuro. Traballaremos en medidas de sostibilidade ambiental para non hipotecar ás futuras xeracións.

O noso obxectivo é recuperar Ferrol para os cidadáns, mellorando a calidade de vida dos seus habitantes, incidindo a través do urbanismo na reactivación económica, as condicións de aloxamento, a seguridade e o espaxamento.

Os parques existentes e os que se constrúan, deben ter zonas de xogos infantís cubertas axeitadamente así como espazos para paseo e ocio das nosas mascotas, autosuficientes en iluminación (enerxía solar) e irrigación (recollida de auga de chuvia), deben estar axeitadamente iluminados de noite e contar con aseos e puntos de recollida de lixo. Como proxecto piloto, procederase a instalación de casetas de actividades e xogos nos parques con servizo de vixilancia con tres obxectivos e a instalación de servizos sanitarios adaptados e ‘cambiabebés’ nos parques da cidade.

2.3.2 Plan de Mobilidade: a cidade das persoas.

- a) O plan de Mobilidade impulsará os desprazamentos con modelos sostibles e transporte público mellorado, evitando a división da cidade por usos e favorecendo a complexidade dos barrios e a conexión entre eles.
- b) Os aparcadoiros deben aumentar as prazas destinadas a persoas con dificultades de mobilidade, porque esta categoría non debe limitarse aos discapacitados, senón que debe incluír as persoas que acompañen a menores de tres anos e embarazadas.
- c) Favoreceremos a cohesión social fronte a cidade segregada. A rehabilitación dos barrios e o fomento de aluguer de vivenda social para universitarios e xente nova en diferentes puntos da cidade (especialmente Recimil) para favorecer a convivencia.
- d) Fomento do aluguer de bicicletas e das conexións peonís entre barrios, para coser os barrios e facer unha cidade amable para o peón.



2.3.3 Rehabilitación e reactivación da vivenda para recuperar poboación.

- a) Proxectamos a posta en valor dos barrios históricos, utilizando subvencións e recursos extramunicipais e municipais, dando pulo as ordenanzas de inspección de vivendas, lei de solares, etc, para a súa revitalización.
- b) Concedemos unha gran importancia a Oficina de Rehabilitación, non só como oficina de xestións dos ARIs, senón como oficina de información para obter axudas a rehabilitación enerxética e accesibilidade. A oficina de rehabilitación contará cunha área específica que se dedicará a captar e facer chegar aos cidadáns axudas existentes (que o goberno local do PP non solicita), tanto a nivel estatal como europeo, para a mellora de edificios, nalgúns casos, relativas á mellora da eficiencia. Así, permitirían a reforma, entre outras medidas, das cubertas ou das fachadas.
- c) Rehabilitación do noso patrimonio, potenciando a vivenda en aluguer e os locais comerciais para recuperar poboación. O concello garantirá a salubridade das vivendas aplicando as ordenanzas de inspección de solares.

2.3.4 Reencontro de Ferrol e o Mar.

O novo Ferrol só se entende dende o diálogo co Mar. Abordaremos as xestións necesarias para a apertura e a continuidade da cidade máis aló da muralla, para que os ferroláns gocemos da nosa Ría, xerme da nosa cidade, como motor da recuperación. A Ría de Ferrol proporciona o sustento: ao Naval, á Defensa, á Pesca e ao Turismo.

- a) Recuperaremos a cidade perdida, impulsando a recuperación da arquitectura industrial dentro do Arsenal como colectores de servizos para todos, reclamo turístico e posta en valor do noso patrimonio.

2.3.5 Actuacións Puntuais

2.3.5.1 Ferrol Vello.

- a) Rehabilitación do conxunto de vivendas de Carballo Calero e recuperación do edificio de Aduanas, cun plan de uso adecuado que favoreza a dinamización do barrio.
- b) Rehabilitación de vivenda en venta ou aluguer en Ferrol Vello.

2.3.5.2 A Magdalena

- a) Peatonalización axeitada de acordo co plan de mobilidade.
- b) Reforma completa da Praza de Armas cun proxecto consensuado coa veciñanza, comerciantes e hostalería.



2.3.5.3 Recimil

- a) Este barrio é unha prioridade para os socialistas polo que se procederá a súa rehabilitación paulatina e completa do barrio e das vivendas, con medidas de mellora enerxética e accesibilidade para <facelas habitables, reforzando a Vivenda Social e Universitaria.
- b) Os aloxamentos para estudantes, a prezos accesibles, contarán con espazos comúns, como lavandería e salas de estudo. A súa proximidade á universidade é un punto a favor para atraer aos mozos e entroncaría co plan previsto para Recimil, de rexuvenecer o espazo.
- c) Executado o apartado anterior, o obxectivo é proceder a regulación dos inquilinos das vivendas e o seu acceso a propiedade dos que contén cos dereitos esixibles.

2.3.5.4 Ensanche A.

- a) Actuación na Praza do Inferniño e Porta Nova, recuperando a zona comercial e a vida na praza.
- b) Creación dunha escola infantil municipal no centro Porta Nova, xunto con outros servizos públicos que se porán en marcha para todas as idades.
- c) Negociación co ADIF para desenrolar o Parque Lineal do Ensanche A, paralelo as vías do camiño de ferro, dotándoo con zoas verdes e de espaxamento para a poboación, a par que mellora a comunicación co centro histórico.

2.3.5.5 Ultramar

- a) Parque da Trincheira, planificando unha actuación entre as dúas pontes que resolva a futura expansión e utilización do solo do Bertón.
- b) Eliminación das elevación que separa Ultramar do Parque do Pilar, facendo da Avenida de Pías, un bulevar de circulación lenta.

2.3.5.6 Caranza

- a) Reforma do Mercado de Caranza como contedor multiusos que rexenere a actividade comercial do barrio e aporte novos servizos e equipamentos necesarios para a veciñanza.
- b) Reforma do anfiteatro da Unidade Veciñal II (As Vivendas Rosas).
- c) Xestión ante as entidades competentes o soterramento do tendido eléctrico que discorre por riba da praia urbana de Caranza.
- c) Eliminación das elevacións que separa Caranza do Bertón na Avenida das Pías, substituíndo esta por un bulevar de circulación lenta.

2.3.5.7 Canido

- a) Recuperación do Sánchez Aguilera como rótula da cidade entre os barrios de Canido e Catabois, primando a implantación de servizos públicos, museo e xulgados e recuperando a zona verde e as especies arbóreas existentes.



2.3.5.8 Catabois

- a) Desenrolo do futuro Parque Urbano de Catabois co acondicionamento da parcela do campo de tiro e futura conexión a Santa Mariña.

2.3.5.9 Santa Mariña

- b) Promoción da retirada da subestación de alta tensión e o seu traslado a un entorno industrial.
- c) Construción de barreiras artificiais para atenuar o ruído derivado do tráfico.
- d) Construción do acceso previsto da saída de Santa Mariña do Acceso Norte cara a Avenida do Rei e rúa Irmandiños, permitindo un acceso máis rápido o centro urbano.que desafogue a circulación na estrada de Catabois e praza de Canido.

2.3.5.10 San Xoan

- a) Abordar sen escusas a urbanización das praza de San Xoan.
- b) Recuperar o campo de fútbol (embargado pola Sareb), para construír no lugar un centro cívico e cidadán e unha gran zona verde. “Catro anos de abandono do PP fixeron que un lugar privilexiado para o barrio non puidera ser aproveitado”.
- c) Os Servizos Sociais destinaron unha equipa específica para o centro cívico.
- d) Humanización das rúas Manuel Belando e Río Castro e reforma das rúas Basanta e Espiño, xa no primeiro exercicio orzamentario.

2.3.5.11 A Malata-A Cabana

- a) Cidade deportiva de A Malata-A Cabana, favorecendo a práctica do deporte de base e habilitando FIMO como espazo de usos múltiples que complete as actividades deportivas a cuberto.

2.3.5.12 Brión

- a) Desenvolvemento dun parque peri-urbano en Brión apto para sendeirismo e práctica de bicicleta de montaña, primeiro paso dun gran anel verde que una espazos de interese natural (entorno dos castelos, Chá de Brión, Lagoa de Doniños, Dunas de Doniños, San Xurxo, Esmelle, Covas)
- b) Recuperación do Monte dos Poetas, en Brión.



3) POLÍTICAS INTEGRALES DE BENESTAR PARA FERROL: PLAN FERROL SOCIAL

3.1 COMPROMISO SOCIAL.

- 3.1.1 Blindaxe dos Servizos Sociais Públicos, recuperando o persoal ata o nivel existente no último goberno municipal socialista.
- 3.1.2 Aprobación do Segundo Plan Estratéxico Ferrol Solidario (o primeiro foi obra do anterior goberno socialista) garantindo o traballo en rede.
- 3.1.3 A candidatura socialista asinou o documento da Rede Galega de Loita contra a Pobreza, que inclúe a dimisión dos asinantes se non se cumpren os compromisos adquiridos.

O documento incorpora 15 compromisos ineludibles. En primeiro lugar, obriga a que ao final do 2016, se reduza cando menos nun 15% o total de persoas que se atopan en situación de risco e pobreza, e se destinen 110 euros por habitante ó ano en medidas de protección e promoción social.

- 3.1.4 Polo seu carácter transversal, as políticas de Igualdade dependerán directamente da Alcaldía (do mesmo xeito que o Plan de Recuperación Demográfica)
- 3.1.5 Eliminación de barreiras arquitectónicas mediante medidas transversais que se aplicarán en todas as concellerías, a través dunha Comisión Permanente de Accesibilidade. Adaptación do Transporte urbano (o 80% da cidade de Ferrol non é accesible).

3.2 O PLAN FERROL SOCIAL

3.2.1 Área de Dependencia

- 3.2.1.1 Especial atención ao desenvolvemento en Ferrol do Plan de Dependencia. Constituír a Empresa Municipal de Servizos Sociais, que se encargará de xestionar e planificar os servizos e as prestacións da Lei da Dependencia, incrementando a axilidade e reforzando o persoal especializado.
- 3.2.1.2 Realización do Plan local de autonomía persoal entre as entidades da cidade e os/as técnicos/as do Concello.
- 3.2.1.3 Creación do Observatorio da Dependencia.
- 3.2.1.4 Realización dun plan de formación para dar maior capacitación ás persoas que coidan aos dependentes en colaboración coa área de emprego.
- 3.2.1.5 Apertura dun salón do maior en cada un dos centros cívicos do concello.



3.2.1.6 Participación na rede da Organización Mundial da Saúde de Cidades Amigas dos Maiores.

3.2.2 Área de diversidade funcional

3.2.2.1 Elaboración do Plan local de atención ás persoas con discapacidade entre as entidades da cidade e os/as técnicos/as do concello.

3.2.2.2 Elaboración do Plan municipal de accesibilidade e eliminación de barreiras entre as entidades da cidade e os/as técnicos/as do concello, coa conseguinte inspección e cumprimento da normativa.

3.2.2.3 Concienciamento na responsabilidade na mellora da accesibilidade en todos os departamentos do concello.

3.2.2.4 Sensibilización e promoción do cambio de actitudes no ámbito escolar por medio de convenios coas entidades.

3.2.3 Área de educación familiar

3.2.3.1 Elaboración do Plan local de atención e continuar coa coordinación co equipo técnico de menores da Delegación Provincial.

3.2.3.2 Recuperación da Oficina de Menores e Familias, posibilitando políticas públicas de intervención familiar que aseguren a inclusión e a convivencia.

3.2.3.3 Responder aos informes e peticións que son solicitados polos distintos organismos (xulgados, delegación de menores, etc.) que garda relación coa familia

3.2.3.4 Mantemento do funcionamento dos tres programas desta área: absentismo escolar, educación familiar e fogar infantil.

3.2.3.5 Colaboración de xeito activo no Programa de medidas xudiciais para menores infractores.

3.2.3.6 Coordinación nos seguimentos de menores coas garderías pertencentes a Axencia Galega de Servizos sociais, así mesmo por en marcha o funcionamento permanente da ludoteca municipal.

3.2.3.7 Impulso dos servizos municipais de Conciliación, concretamente:

- a. Escola Infantil en Ultramar.
- b. Ludoteca no Ensanche.
- c. Posta en marcha do Programa Conciliadoras, na ludoteca do Cantón, facilitando a conciliación e o emprego de persoas con dificultades.
- d. Fomentar o Programa Kanguras.



3.2.3.9 Mantemento dun contacto permanente cos colexios da cidade para a posible detección de casos, dentro destes tamén a aqueles que afecten aos menores inmigrantes, así como a realización de actividades de sensibilización nos mesmos (igualdade, educación sexual, prevención consumo tóxicos, ...).

3.2.3.10 Elaboración dun Plan Municipal de Infancia, para garantir cós nenos e nenas reciban a cobertura dos servizos básicos como a educación, a saúde e a protección contra a violencia no fogar, na escola ou na rúa.

3.2.3.11 Creación dun protocolo de coordinación cos centros de saúde na área de pediatría.

3.2.4 Área de inserción social

3.2.4.1 Elaboración do Plan Local de inclusión social.

3.2.4.2 Establecemento de protocolos de coordinación con saúde, educación, vivenda, participación social e acompañamento social.

3.2.4.3 Coordinación co Centro de Emprego de xeito efectivo.

3.2.4.4 Creación dun programa de titorización de incorporación social e de fomento da autonomía persoal.

3.2.4.5 Creación dun regulamente para vivendas de emerxencia social, con reserva de vivendas do barrio de Recimil para tal fin.

3.2.4.6 Creación dunha Oficina de Desafuizamentos para:

- a. Asesorar legalmente aos cidadáns con problemas para afrontar o pago das hipotecas e que non acadasen un acordo previo coa entidade bancaria.
- b. Desenvolver a mediación da débeda hipotecaria para facilitar a reestruturación, quita, control de intereses e dación en pago con aluguer social.
- c. Denunciar na Web municipal os incumprimentos do Código de Boas Prácticas das entidades bancarias.
- d. Publicar na Web municipal os datos das entidades bancarias socialmente comprometidas que paralicen desauizamentos de vivendas radicadas no concello e o nome das que cooperen para facilitar alugueres sociais substitutivos.

3.2.4.7 Plan de Choque contra a pobreza que contemple:

- a. Construír un albergue público inclusivo para persoas sen teito



- b. Retomar a Oficina de Inclusión Social, eliminada polo actual goberno do Partido Popular en Ferrol, para atender ás persoas sen fogar ou en grave risco de exclusión social.
- c. Incluír cláusulas sociais na contratación pública do Concello, para favorecer o emprego a persoas en risco de pobreza e de exclusión.

3.2.4.8 Posta e revisar no seu caso, as normativas do concello relativas as axudas de emerxencias, becas escolares e comedores escolares.

3.2.5 Área de inmigrantes e emigrantes retornados.

3.2.5.1 Actualización do Plan local de migración.

3.2.5.2 Recuperación da Oficina de Inmigración creada durante o último mandato socialista e Plan de Inmigración, impulsando a integración dos inmigrantes que teñen o seu domicilio habitual no concello de Ferrol, promovendo o coñecemento dos seus dereitos e deberes e asesorando xuridicamente á poboación inmigrante en coordinación coas UTS.

3.2.5.3 Elaboración dun protocolo de coordinación e/ou derivación de persoas inmigrantes.

3.2.5.4 Revisión do funcionamento dos espazos de participación creados para as asociacións que tratan a este colectivo.

3.2.6 Área de prevención do consumo de drogas.

3.2.6.1 Elaboración do Plan Local de Prevención de Drogodependencias.

3.2.6.2 Aumento dos programas de prevención de drogas que se levan a cabo no ámbito escolar.

3.2.6.3 Aumento do número de actuacións que se levan a cabo nos programas familiares como o obradoiro *E ti tamén comunícache?*.

3.2.6.4 Colaboración dun xeito máis intenso coas campañas institucionais sobre drogodependencias, tanto nacionais como autonómicas.

3.2.6.5 Aposta por programas de prevención baseadas en evidencias científicas: obradoiro para o abandono da conduta de fumar.

3.2.6.6 Confección dunha información de mellor calidade sobre drogas dirixidas a adolescentes e mozos mediante a colaboración e coordinación entre os colexios, a área de educación familiar, o departamento de xuventude e as distintas entidades ,dedicadas a esta problemática, da cidade.



3.2.6.7 Orientación ás familias e individuos sobre a problemática que ocasionada o consumo de drogas, por medio dunha atención psicolóxica.

3.2.7 Área de Solidariedade, cooperación e voluntariado.

3.2.7.1 Solidariedade

- 3.2.7.1.1 Elaboración do Plan municipal de solidariedade e cooperación.
- 3.2.7.1.2 Continuidade do Premio Solidario Cidade de Ferrol.
- 3.2.7.1.3 Promoción novamente da realización do Nadal Solidario para a promoción do comercio xusto e sostible.
- 3.2.7.1.4 Recuperación da celebración do Mundo Mestura co fin de achegar o coñecemento das diferentes culturas.
- 3.2.7.1.5. Conmemoración do día internacional da Solidariedade a través da celebración dun Certame Solidario.
- 3.2.7.1.6 Incorporación da nosa cidade na Rede de Municipios Solidarios.
- 3.2.7.1.7 Posta en marcha novamente do Banco do Tempo.

3.2.7.2 Cooperación

- 3.2.7.2.1 Incremento da achega municipal destinada a cooperación para ao desenvolvemento pouco a pouco ata chegar ao 0,7%.
- 3.2.7.2.2 Implicación da cidade no programa Espello Solidario.
- 3.2.7.2.3 Difusión coas nosas actividades do comercio xusto e a compra ética.
- 3.2.7.2.4 Colaboración co Fondo Galego de Cooperación.
- 3.2.7.2.5 Participación directa en programas de cooperación ao desenvolvemento.
- 3.2.7.2.6 Colaboración co programa Vacacións en Paz e cos nenos/as de Chernóbil.
- 3.2.7.2.7 Promoción do coñecemento da figura do cooperante.
- 3.2.7.2.8 Participación naquelas situacións de emerxencia que poidan xurdir.

3.2.7.3 Voluntariado

- 3.2.7.3.1 Actualización do Plan municipal de voluntariado.
- 3.2.7.3.2 Continuidade da participación no Congreso Galego de Voluntariado.
- 3.2.7.3.3 Revisión e actualización do listaxe de entidades de acción voluntaria.
- 3.2.7.3.4 Activación do funcionamento da oficina municipal de voluntariado.



3.3 CULTURA

- 3.3.1 Verdadeiro Impulso da Candidatura de Ferrol a Patrimonio da Humanidade.
- 3.3.2 Fomento e difusión das actividades das asociacións xuvenís municipais por medio da creación dun programa de radio e dun espazo na páxina web do Concello para a mocidade.
- 3.3.3 Portal en internet para artistas e creadores onde se poidan consultar axudas, premios e certames nacionais e internacionais e programas destinados a promover a cultura e a arte.
- 3.3.4 Proxectos de Dinamización Cultural en cada barrio, que os fagan atractivos como lugares de residencia.
- 3.3.5 Promoción e creación de espazos públicos para o fomento e desenvolvemento da arte urbana, para promover os programas de artistas e compañías locais. Apoiaremos aos colectivos que xurdan das escolas musicais, de danza, do teatro e artes plásticas.
- 3.3.6 Creación da Comisión Municipal de Memoria Histórica e do Centro de Interpretación da Memoria no antigo edificio de Aduanas do Porto. O financiamento correrá basicamente a conta dos fondos comunitarios da Axencia Executiva no Ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural.
- 3.3.7 No marco do convenio con defensa, ampliación do Museo da Sociedade Galega de Historia Natural.
- 3.3.8 Impulso da Creación do Museo da Cidade de Ferrol, para expoñer os fondos pictóricos e doutras artes, que obran no poder do concello. O devandito Museo incluírá o desenvolvemento didáctico do concello de Ferrol, aproveitando as novas tecnoloxías.
- 3.3.9 Coordinación de actividades culturais co veciño concello de Narón, en beneficio mutuo, compartindo actos, evitando a duplicidade dos mesmos e as contra- programacións.
- 3.3.10 Axuda ao Ateneo Ferrolán, para garantir o normal desenvolvemento das súas actividades.
- 3.3.11 Alfabetización tecnolóxica. O concello desenvolverá campañas para promover o uso das tecnoloxías da información, con especial atención as persoas discapacitadas e xente maior. Trátase de que adquiran os coñecementos básicos para navegar por internet e para manexar os programas de software de máis uso.
- 3.3.12 Implantación do bono cultural para os colectivos con menor poder adquisitivo, para que accedan as diferentes programacións culturais de Ferrol.
- 3.3.13 Casa-Museo de Ricardo Carballo Calero: rehabilitación e plan de dinamización e usos.
- 3.3.13 Cumprimento da Lei de Normalización Lingüística.



3.4 ENSINO E UNIVERSIDADE

- 3.4.1 Reactivación do Consello Escolar Municipal e crear a Mesa de Seguimento Escolar, para reducir o abandono e o fracaso escolar.
- 3.4.2 Ampliación da oferta dos ciclo de FP para acadar unha axeitada integración da oferta formativa coa realidade laboral.
- 3.4.3 Reforzo e ampliación da rede dos comedores escolares.
- 3.4.4 Impulso do criterio de Escola-Servizo no ámbito local, favorecendo que servizos extraescolares, comedores, provisión de servizos ao centro, teñan criterios de responsabilidade social e sostibilidade, como o consumo de produtos locais de tempada e a prestación de servizos por cooperativas de vítimas de violencia de xénero.
- 3.4.5 Apoio as actividades extraescolares e as actividades de conciliación en períodos non lectivos.
- 3.4.6 Fomento da apertura da Biblioteca Central Municipal tódolos fins de semana e na época de exames, as 24 horas.
- 3.4.7 Escola infantil en Esteiro, demandando á Xunta que cumpra o compromiso asinado no ano 2008, no Convenio de Colaboración para infraestruturas, programas e servizos sociais.
- 3.4.8 Construción dunha Residencia Universitaria e aloxamentos para estudantes en diferentes barrios da cidade.
- 3.4.9 Creación dunha tarxeta universitaria de Ferrol. Os estudantes dos campus poderán dispoñer de descontos e ofertas en actividades de lecer, na programación cultural, en instalacións deportivas e no transporte público. Esta tarxeta, que se engadirá ás iniciativas similares que se promoverán para os mozos da cidade, permitiría que os universitarios de fóra de Ferrol se impliquen tamén na actividade diaria da cidade.
- 3.4.10 Oferta aos centros educativos de actividades de dinamización en materia de igualdade e rexeitamento da violencia para a súa realización nos tempos lectivos de descanso
- 3.4.11 Elaboración de carteis informativos para a súa colocación en lugares visibles dos centros educativos con indicacións concretas que permitan ao alumnado de diversas idades recoñecer e rexeitar diversas manifestacións da violencia contra as mulleres.
- 3.4.12 Propostas de actuacións educativas en horario lectivo tendentes a favorecer a asimilación dos valores, xogos e actividades tradicionalmente femininos e masculinos por parte de nenas e nenos.



- 3.4.13 Divulgación da historia dos ferroláns e das ferrolás ilustres, e daqueles e aquelas que figuran no rueiro e que formaron en definitiva parte da historia da cidade incentivando o seu coñecemento por parte do alumnado de centros educativos a través da elaboración de unidades didácticas.

3.5 DEPORTE

- 3.5.1 Recuperación do Padroado Municipal de Deportes, que dará cabida ás distintas entidades deportivas de Ferrol para deste xeito obter unha comunicación fluída e permanente. No Padroado, a maioría a terán os representantes dos clubs deportivos, como corresponde a un ente aberto que responda ás necesidades do deporte ferrolán. O Padroado debatirá a mellora dos convenios coas entidades deportivas de base.
- 3.5.2 Recuperación do Programa “Deporte na rúa”.
- 3.5.2 Confección de programas deportivos para adultos e nenos.
- 3.5.3 Medidas para promover o deporte de persoas discapacitadas e colectivos sociais con dificultades de acceso á práctica deportiva, así como a relación interxeracional en materia deportiva.
- 3.5.4. Planificación máis rigorosa do mantemento das infraestruturas deportivas dos clubs da cidade, cun cronograma dotado de cifras e datas concretas para intervir nas obras segundo as prioridades que se establezan.
- 3.5.5 Promoción do deporte a nivel escolar.
- 3.5.6 Funcionamento de circuitos biosaudables incluíndo a mellora dos carrís bici. Prolongación do carril bici dende A Malata para dar continuidade ata a Cabana e Caranza, permitindo unha ronda litoral para bicicletas.
3. 5.7 Utilización das instalacións municipais os fins de semana pola noite. Coexistión do uso das instalacións deportivas coas Entidades.
- 3.5.8 Celebración do Campionato cidade de Ferrol de Skateboard.
- 3.5.9 Axuda á implantación de programa "Xadrez" na escola e fomentar a práctica do xadrez en espazos públicos. Habilitación dun local axeitado para a Escola Ferrolá de Xadrez
- 3.5.10 Conversión da Malata nunha cidade deportiva de referencia, de xeito que ás instalacións actuais como o pavillón incorporen a mellora de toda a zona, co acondicionamento de espazos destinados tanto ó deporte como ó ocio.



- 3.5.11 Rehabilitación do antigo dique da Cabana para ampliar as posibilidades náuticas que xa existen no seu entorno.
- 3.5.12 Especial apoio a modalidade do Triatlón na cidade de Ferrol.

3.6 SAÚDE

- 3.6.1 Mentres o SERGAS non asuma directamente o tratamento das drogodependencias, apoio a ASFEDRO para que conte cos recursos económicos axeitados e para facer as reparacións pertinentes na Comunidade do Confurco.
- 3.6.2 Restablecemento do convenio vixente no anterior goberno socialista con r con AFAL (Asociación Ferrolterrán de Familiares con Alzheimer),
- 3.6.3 Restablecemento do convenio vixente no anterior goberno socialista con Aspaneps (reducido ao 50% polo PP, coincidindo cun aumento do número de neno/as que atenden permanentemente, de 40 a 61).
- 3.6.4 Rexistro de edificios con amianto na cidade. Os centros educativos e as instalación públicas serán as primeiras en revisar e analizar.
- 3.6.5 Proporemos a creación da Axencia Local da Enerxía, co fin de promover a eficiencia enerxética, a redución do consumo de auga e a utilización de enerxías renovables no ámbito municipal, así como a introdución dos criterios de eficiencia enerxética nos procesos de contratación pública.

3.7 SEGURIDADE CIDADÁ PARA O EXERCICIO DOS DEREITOS E LIBERDADES

Garantir a seguridade é un presuposto para poder exercer os dereitos e liberdades da cidadanía. Asegurade a seguridade ten que ser pública e gratuíta para todos, independentemente da situación socioeconómica ou lugar de residencia. Xa que logo, os socialistas traballaremos na procura dun Sistema Público de Seguridade, baixo os principios de corresponsabilidade e cooperación entre as Administracións Públicas, coordinación dos Corpos de Seguridade e Emerxencias e a Participación da Sociedade, apostando por unha seguridade baseada nas políticas sociais de integración, convivencia e prevención da delincuencia.

Pretendemos un modelo de Policía Local que manteña un estreito contacto coa veciñanza, que dea respostas próximas aos problemas e que dinamice as políticas locais de seguridade en cooperación cón resto dos Servizos Municipais.

- 3.7.1 Incremento do número de axentes locais ata acadar a porcentaxe de 1,5 axentes por cada mil habitantes que nos achegue á media europea.



- 3.7.2 Potenciamento dunha policía de proximidade, que desenvolva o seu labor máis preto dos veciños, para ser percibida como un verdadeiro servizo público garante da convivencia en estreita colaboración có restos de servizos municipais, especialmente cos Servizos Sociais.
- 3.7.3 Impulso dos Pactos Cívicos pola convivencia, para fomentar unha verdadeira cultura da seguridade baseada na prevención e na educación na que participen os diferentes colectivos sociais da cidade.
- 3.7.4 Maior operatividade da Xunta Local de Seguridade, que debe converterase no órgano real de coordinación dos diferentes corpos de seguridade, para permitir a optimización dos recursos públicos e facilitar unha maior presenza dos mesmos nos diferentes ámbitos municipais.
- 3.7.5 Desenvolvemento de Planos de Calidade e de mellora dos servizos policiais. Daremos prioridade ás tarefas de prevención e inspección do cumprimento da normativa municipal.
- 3.7.6 Promoción dunha ordenanza de Convivencia Cidadá, que estableza os dereitos e deberes dos veciños e o réxime sancionador en relación coa convivencia, e o uso dos espazos públicos da cidade.
- 3.7.7 Mediante as webs municipais facilitaremos o achegamento dos Servizos de Seguridade Local á cidade, acadando unha maior axilidade, eficacia e comodidade na realización de xestións como formular denuncias, recursos, reclamacións, recuperar obxectos perdidos, información de interese, etc. En definitiva, poñeremos as novas tecnoloxías ó servizo da Seguridade Cidadá.
- 3.7.8 Posta en marcha de Planos Básicos Municipais de Emerxencia e de Planos Específicos de Emerxencia, nos que se determinen tanto os riscos xerais como os específicos existentes no concello, e se establezan protocolos de intervención para cada tipo de emerxencia.
- 3.7.9 Planificación estable de simulacros para a posta en práctica e análise da operatividade do PEMU.
- 3.7.10 Potenciamento da Xunta Local de Protección Civil para que funcione como un verdadeiro comité asesor do Concello para o desenvolvemento dos plans e actuacións nas emerxencias dentro do termo municipal.
- 3.7.11 Aposta pola participación dos bombeiros de Ferrol, nos órganos supramunicipais mediante a comarcalización do parque e a participación de Ferrol no Consorcio Provincial previsto na próxima Lei de Emerxencias de Galicia.
- 3.7.12 Promoción da prevención na protección contra o lume, a formación e a inspección como labores prioritarias deste corpo.



4) A NOSA PROPOSTA PARA A ZONA RURAL

- 4.1 Ampliación das sendas peonís, poñendo en valor as rutas paixaxísticas.
- 4.2 Pasarela peonil para bordear o lago de Doniños.
- 4.3 Continuar a recuperación do patrimonio arquitectónico rural, e das fontes.
- 4.4 Plan Estratéxico de Dinamización e Interpretación Patrimonial do castelo de San Felipe.
- 4.5 Apoiaremos todas as actividades xeradoras de emprego como aproveitamento madeireiro, a micoloxía, etc.
- 4.6 Mellora do bus que conecta o Centro de Saúde de Serantes coas parroquias de Cobas, Esmelle, San Xurxo, Doniños e Valón.
- 4.7 Devolución do monte comunal de Cha de Brión aos veciños de Brión e Doniños.
- 4.8 A Concellería de Medio Rural atenderá no ámbito rural tres días á semana, nun espazo habilitado na zona rural, que será pactado cos propios veciños, para ofrecer un contacto permanente aos cidadáns do rural.
- 4.9 Dotación de beirarrúas e de medidas efectivas de seguridade viaria.
- 4.10 Planificacións dos desbroces e das podas, así como un correcto saneamento.
- 4.11 Apoiaremos a creación de empresas de enerxía que aproveiten a biomasa pola súa importancia na xeración de emprego e na limpeza dos montes.
- 4.12 Parque natural de especies autóctonas na antiga polvoreira de Mougá (Esmelle).
- 4.13 Recuperación da toponimia de ligares e camiños cunha axeitada sinalización.



PLAN DE IGUALDADE

Partindo dos instrumentos legais aprobados polos diferentes Gobernos socialistas, desenvolvéronse un amplo marco de actuacións para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que non obstante e ata a data de hoxe decantáronse como insuficientes.

Deste xeito percíbese como unha necesidade para a integración do principio de igualdade, a creación dunha estrutura dotada de capacidade de intervención nas políticas xerais e específicas relativas a todo o ámbito municipal. Unha fórmula de traballo que esixe o vínculo do ámbito de actuación en igualdade cos outros departamentos (é dicir, a transversalidade), dependendo da Alcaldía de Ferrol.

Es actuación require implantar unha estrutura político-administrativa que defina e determine:

1. O establecemento de políticas específicas de igualdade de xénero, con actuacións para erradicar as desigualdades que perduran en todos os ámbitos de desenrolo das mulleres no Concello de Ferrol, xa que políticas aparentemente non discriminatorias teñan un impacto diferencial en homes e mulleres e reforcen as desigualdades existentes.
2. A introdución da perspectiva de xénero, entendida como a organización, a mellora, o desenvolvemento e a avaliación dos procesos políticos de modo que a igualdade se incorpore a todas as políticas, en todos os niveis, en todas as etapas e por todas as persoas involucradas na actividade municipais.
3. O desenvolvemento de actuacións que incidan nun cambio estrutural e que constitúen un desafío directo aos roles tradicionais de xénero.

1. Área municipal de igualdade.

Terá a responsabilidade de deseñar, xestionar, coordinar e executar as iniciativas pertinentes, e estará presidida directamente pola alcaldía, constando a devandita área de:

- Comisión técnica para a igualdade e a Erradicación da Violencia contra as mulleres, constituída por unha persoa en representación de cada unha das concellerías.
- Consello Municipal das Mulleres.
- Observatorio Municipal de Igualdade.
- A Casa da Muller.
- Centro de Información as Mulleres.

Tamén coordinarase co/a:

- Coordinación do Instituto Galego de Formación Feminista.



- Rede Municipal para a Igualdade e a Erradicación da Violencia.
- Unidade de Atención as Mulleres da Policía Local.
- Centro de Recuperación Integral para Mulleres Víctimas de Violencia.
- Departamento de atención especializada 24 horas.
- Teléfono 24 horas.
- Servizo de atención a persoas dependentes.
- Rede de vivendas en réxime de aluguer.
- Banco Municipal de Tempo

2.- Organismos asesores e consultivos.

- a. Instituto Galego de Formación Feminista, con competencias para fomentar, coordinar e aglutinar os estudos e investigacións realizadas en materia de igualdade.
- b. Consello Municipal das Mulleres con competencias en materia de control e realización de propostas sobre as políticas desenvolvidas en materia de igualdade de xénero no que estarán representadas as asociacións de mulleres e entidades que traballen en materia de xénero.
- c. Observatorio Municipal de Igualdade, órgano de carácter colexiado e consultivo destinado a estudar e facer visibles as desigualdades con especial incidencia no análise da problemática da violencia contra as mulleres. O Observatorio dedicará especiais esforzos ao análise e estudo das garantías de protección das mulleres prostituídas e ao deseño de itinerarios destinados á prevención e reintegración na sociedade en condicións de igualdade.
- d. Rede Municipal para a Igualdade e a Erradicación da Violencia, constituída por entidades e organismos co cometido de fomentar a sensibilización social en materia de igualdade e especificamente en materia de violencia contra as mulleres en todas as súas formas. Así mesmo constituirá unha rede dentro do ámbito municipal para a coordinación na atención, apoio e protección as vítimas de violencia e as mulleres pertencentes a colectivos desfavorecidos ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.

3. Actuacións concretas a desenvolver en materia de emprego feminino:

- a. Establecendo criterios paritarios de contratación no Concello.
- b. Aluguer ou cesión de locais municipais a mulleres emprendedoras.
- c. Favorecer a empresas paritarias na contratación.
- d. Crear unha bolsa de emprego para difundir entre entidades que traballan con mulleres.
- e. Favorecer a investigación feminina no CIS.



- f. Crear o premio anual "Mulleres na Economía" destinado a empresas ou entidades destacadas no impulso da participación laboral das mulleres.
- g. Fomentar as medidas de conciliación (uso dos espazos educativos, programas de canguros, habilitación de espazos de atención e coidado de menores, etc).
- h. Crear unha plataforma de prevención do acoso sexual e acoso por razón de sexo no traballo que terá en conta aos grupos máis vulnerables: mulleres soas con responsabilidades familiares, mulleres ante o seu primeiro traballo, mulleres afectadas por diversidade funcional, mulleres inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas.

4. Actuacións concretas en violencia de xénero.

- a. Establecer un pacto social contra a violencia de xénero coas entidades cívicas, culturais, deportivas, políticas, etc.
- b. Crear unha rede de barrios contra a violencia de xénero, para canalizar as demandas en materia de violencia de xénero.
- c. Establecer na policía local, unha unidade contra a violencia de xénero con incidencia especial nos barrios a través da policía de proximidade.
- d. Reserva de pisos municipais en Recimil para a constitución de pisos tutelados destinados a aloxar temporalmente a mulleres vítimas de violencia de xénero a ás súas fillas e fillos.
- e. Formación en materia de violencia de xénero a entidades e particulares interesadas a través das actividades da Casa da Muller.
- f. Promoción do emprego das mulleres vítimas de violencia de xénero priorizando a súa contratación nos concursos públicos e establecendo puntuacións específicas nos baremos de contratación de empresas.
- g. Establecer un código ético contra a violencia de xénero coa participación dos locais de comercio, hostalería e ocio que terán a sinalización de Espazo Libre e Seguro de Violencia.
- h. Implantar a través de todos os locais municipais de Ferrol a rede de espazos libres e seguros ante a violencia machista.
- i. Recuperar a sinalización de siluetas na praza do Concello como memoria e honra ás mulleres galegas asasinadas por violencia de xénero.
- k. Establecer un protocolo municipal fronte á violencia machista no que participen todas as entidades e organismos implicados.
- l. Realizar cursos de sensibilización e detección da violencia machista destinados a persoal de organismos educativos, sanitarios, xudiciais en colaboración cos organismos dos que depende dito persoal.
- m. Instalar nos espazos públicos da localidade información sobre prevención, detección e atención a situacións de violencia de xénero de forma permanente e revisable.



- n. Crear o observatorio de igualdade e de violencia machista dependente da alcaldía coa participación de asociacións feministas e entidades cívicas.
- o. Establecer canles de participación dos homes ferroláns en materia de igualdade incentivando a súa implicación e promovendo as súas achegas.
- p. Realizar unha campaña sobre a implicación dos homes no rexeitamento da violencia de xénero contando con varóns significativos de Ferrolterra. Garantir que a documentación municipal respecte escrupulosamente o principio de igualdade, tanto no referente á linguaxe como á recollida de datos estatísticos.
- q. Considerar a actividade da prostitución como unha forma de violencia contra as mulleres instando ao seu recoñecemento a efectos de percepción de apoio, protección e asesoramento cara ás mulleres que a exercen, elaborando itinerarios de inserción laboral e de alfabetización e capacitación educativa en colaboración coas entidades que traballan con este colectivo.

5. Visibilidade das mulleres.

- a. Análise de impacto de xénero nos orzamentos participativos.
- b. Creación do Parque das Mulleres como lembranza das mulleres senlleiras de Ferrol.
- c. Recuperación e impulso do Roteiro Ferrol en Feminino.
- d. Denominación de rúas e espazos públicos con nomes ou referencias as mulleres.
- e. Contratación preferente con empresas que contemplan a igualdade de oportunidades no seu desenvolvemento.
- f. Preferencia nas subvencións públicas a entidades que introduzcan de forma transversal a perspectiva de xénero.
- g. Visibilización dos logros consolidados e emerxentes das mulleres en aspectos culturais, artísticos, artesáns, económicos, educativos, etc., a través da implantación do programa "As mulleres facemos Ferrol, os domingos das mulleres", para o seu desenvolvemento nos espazos públicos os últimos domingos de cada mes: canto, danza, contos, pintura, fotografía, conferencias, poesía, concursos, gastronomía....
- h. Realizar actividades específicas na biblioteca municipal con motivo do 8 de marzo e o 25 de novembro.
- i. Crear dende a Biblioteca Municipal unha guía de lectura en materia de igualdade.
- k. Colocar placas informativas que dean conta dos lugares emblemáticos da ruta "O Ferrol das mulleres" para coñecemento da poboación.



6. Accions transversais.

- a. Utilización dunha linguaxe inclusiva nas comunicacións orais, escritas e audiovisuais do Concello.
- b. En todos os procesos de elaboración, execución e seguimento das políticas e accións competencia municipal integrárase a dimensión de igualdade, facendo especial fincapé na composición paritaria nos órganos consultivos e de asesoramento, e incluíndo nos procesos de adxudicación de prazas públicas vinculadas coa atención a mulleres a necesidade de acreditar a experiencia contrastada e a formación de candidatos e candidatas.
- c. En todas as accións formativas, culturais, lúdicas, deportivas, etc., promovidas polo Concello, organizarase un servizo de atención a persoas dependentes para posibilitar la asistencia en igualdade de oportunidades de homes e mulleres, impulsar a conciliación dos tempos e fomentar a corresponsabilidade.
- d. Articulación de una rede de Vivendas en réxime de aluguer subvencionado dirixida a mulleres vítimas de violencia para impedir o desarraigo e, no seu caso, a perda da posible ocupación laboral.
- e. Implantación dun Plan de Programación do Tempo na Cidade que promova a coordinación dos horarios de apertura e peche de oficinas públicas, comercios e servizos con atención ao público, coas exixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía.
- f. Reorganización do Banco Municipal de Tempo.
- g. Intervencións transversais para a aplicación do principio de igualdade de oportunidades nas áreas de:
 - urbanismo, creando espazos habitables, seguros, accesibles.
 - transporte, establecendo percorridos e horarios axeitados ás necesidades das mulleres.
 - iluminación pública, para evitar a inseguridade.
 - cultura, deseñando actividades con e para as mulleres.
 - formación, para facilitar la integración laboral de las mulleres.
 - servizos sociais, con especial atención as mulleres en situacións máis desfavorecidas marcadas pola desvantaxe social.
 - saúde, incrementando a dotación e garantindo os servizos específicos de atención as mulleres salientablemente o COF.
 - deporte fomentando o deporte entre as mulleres das distintas idades.
 - representación, a través da constitución dun goberno municipal paritario.

